

# O LIBRO DA SELVA

[Jon Favreau, 2016]

# 108

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

The Jungle Book (2016, 105')

**Dirección:** Jon Favreau

**Guión:** Justin Marks (Novela: Rudyard Kipling)

**Reperto:** Neel Sethi, Bill Murray, Ben Kingsley, Idris Elba, Lupita Nyong'o, Scarlett Johansson, Giancarlo Esposito, Christopher Walken, Garry Shandling

**Montaxe:** Mark Livolsi

**Dirección de arte:** Ravi Bansal, John Lord Booth III

**Son:** Christopher Boyes

**Música:** John Debney

**Fotografía:** Bill Pope

**Produtora:** Walt Disney Pictures, Fairview Entertainment (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Walt Disney España

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

## FILMOGRAFÍA

*Chef*, 2014

*Cowboys & Aliens*, 2011

*Iron Man 2*, 2010

*Iron Man*, 2008

*Zathura, una aventura espacial*, 2005

*Elf*, 2003

*Crimen desorganizado*, 2001

«Excepcionalmente hermosa, a enésima reinterpretación das historias de Rudyard Kipling resulta totalmente cativadora»

Todd McCarthy,  
THE HOLLYWOOD REPORTER

## SINOPSE

Despois de ser abandonado na selva, unha familia de lobos cría ao pequeno cachorro humano Mowgli. Grazas á manda de lobos, Mowgli sae adiante até ser quen de se enfrontar por si mesmo aos perigos da selva. Pero coa chegada de Shere Khan, Mowgli deixa de ser ben recibido. Este temíbel tigre, resentido polas feridas que lle ocasionou o home, prometeu eliminar toda ameaza humana na selva.



# O LIBRO DA SELVA

[Jon Favreau, 2016]

## Jon Favreau: «Son o director de orquestra que coordina o traballo de 2.000 persoas con gran talento»

**A cando se remonta o seu primeiro contacto c' O libro da selva?** É un dos meus primeiros recordos de lectura. Eu era realmente pequeno, se cadra tiña tres anos. Un día soñei cos personaxes d' *O libro da selva*. É o primeiro soño que lembro. Atopábame só na esquina de dúas rúas de Manhattan, vía pasar os meus pais en coche e Mowgli atopábase na parte de atrás. Era un soño estraño, un chisco arrepiante. Dáme traballo recordar recordos da infancia mais esta imaxe estivo sempre comigo. Realizar *O libro da selva* ten resonancias moi particulares para min.

**Como concibiu a súa versión do filme?** A primeira conversa que tiveron coa Disney referíase á herdanza da versión de 1967. O estudio quería arredarse dela. Querían facer un filme máis intenso, para todas as idades, ese é o contrato que acordamos. Reflexionei arredor dos recordos que tiña do filme: dúas cancións célebres — *O máis vital* e *Quero ser coma ti* —, o rei Louie, que non estaba na novela de Kipling mais eu quería manter, Baloo nadando de costas no río, a serpe Kaa a hipnotizar, Mowgli, a marcha dos elefantes e, por suposto, Shere Kahn. Tentei integrar estes elementos no guión. Mais tamén quería narrar a viaxe iniciática dun heroe mozo en crecemento. Trátase dunha lenda que atinxe a todas as culturas. É unha combinación que Disney coñece moi ben: contar mitos fundacionais valéndose das novas tecnoloxías. Trátase dunha fórmula bastante simple mais que require de moita disciplina.

A dificultade deste filme, cuxa realización se prolongou durante tres anos, foi gardar a perspectiva da inocencia do público. O meu papel como realizador é situarme no lugar do espectador. Nesta caste de rodaxes, cadaquén ten que saber moi ben o que facer e eu son o director de orquestra que coordina o traballo dunhas 2.000 persoas de gran talento. Presto atención a cada detalle. Cómpreme a min, por exemplo, reparar en que un oso non camiña exactamente dunha determinada maneira.

**Este filme é moi diferente que o seu anterior traballo, Chef. Para vostede hai unha ruptura ou unha continuidade?** Coido que *Chef* foi a razón pola cal realicei *O libro da selva*, para acadar certo equilibrio. *Chef* foi gravado con moita presa, cun pequeno orzamento no que eu tiña varios labores: realizador, actor, produtor, guionista. Iso permitíume pasar a unha situación oposta no seguinte filme. N' *O libro da selva* traballei con milleiros de persoas no estudio da Disney. Retomando a imaxe do director de orquestra, dirixín unha obra cun equipo de creación namentres que en *Chef* creei a partitura. *Chef* ensinoume a procurar a perfección nos detalles. Non abonda con facer un bo traballo, cómpre procurar o mellor. *O libro da selva* tivo unha rodaxe difícil por esa razón, mais tiveron moi boas relacións con todo o equipo de rodaxe e gústame render homenaxe ao seu traballo.

**Hai unha aproximación ecoloxista no filme?** Si, desde logo. Mudamos a relación de Mowgli coa natureza. O ser humano pode ser destrutivo mais tamén protector do medio ambiente. Trátase dun legado que debemos preservar. É importante para min como artista ser consciente da súa beleza e fragilidade. Fálase constantemente da nosa relación coas tecnoloxías, como en *Star Wars*, mais a nosa relación coa natureza e a fauna é aínda máis primordial. Este filme é unha ocasión para que os espectadores se sintan próximos á natureza. Se seguen as pegadas de Mowgli, pode que se consideren cidadáns deste planeta.

Entrevista de Anne Sollier con Jon Favreau publicada en *Le Figaro* ([www.lefigaro.fr](http://www.lefigaro.fr))  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**El libro de la selva.**  
Rudyard Kipling. Sexto Piso, 2013

**Los libros de la selva.**  
Rudyard Kipling. Alba Editorial, 2015

**El libro de la selva / El segundo libro de la selva.**  
Rudyard Kipling.  
Penguin Clásicos, 2016

**El libro de la selva.**  
Jennifer Adams. Coco Books, 2016

**Selva negra.**  
Valérie Mréjen. Periférica, 2015

**Kipling ilustrado.**  
Rudyard Kipling. Kalandraka, 2011

**Japón en el paisaje del alma.**  
Rudyard Kipling / Inazo Nitobe.  
Círculo de Tiza, 2016

**El hombre que pudo reinar.**  
Rudyard Kipling. Valdemar, 2009

**El libro de la selva.**  
Wolfgang Reitherman. Disney [BluRay]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)